

CONCRECIÓN CURRICULAR

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36006717	IES Sánchez Cantón	Pontevedra	2024/2025

Contido	Páxina
a) A adecuación dos obxectivos xerais das etapas ao contexto do centro	3
b) A contribución á adquisición das competencias clave	5
c) Os criterios para desenvolver os principios pedagóxicos e incorporar os elementos transversais	5
d) Os criterios de carácter xeral sobre a metodoloxía	6
e) Os criterios de carácter xeral sobre os materiais e recursos didácticos	6
f) Os criterios de oferta educativa, itinerarios e optatividade, de ser o caso	7
g) Os criterios para o deseño das actividades complementarias	11
h) Os criterios para o deseño dos plans de reforzo ou de recuperación para o alumnado que promocióne con materias, ámbitos ou módulos pendentes de cursos anteriores, de ser o caso	12
i) Os criterios para o deseño dos plans específicos de reforzo ou personalizados para o alumnado que deba permanecer un ano máis no mesmo curso, de ser o caso	13
j) Os criterios xerais para a avaliación, e de ser o caso, a promoción e a titulación	14
k) Os criterios xerais do outorgamento de matrículas de honra, de ser o caso	15
l) As decisións e criterios xerais para a elaboración e avaliación das programacións didácticas	16
m) Os criterios para a participación do centro en proxectos, plans e programas	16
n) O procedemento para a revisión, avaliación e modificación da concreción curricular	17
o) Outros apartados	17

a) A adecuación dos obxectivos xerais das etapas ao contexto do centro

O IES Sánchez Cantón está situado no centro de Pontevedra, na contorna da alameda. Trátase dun dos Centros históricos de Galicia, contando coa Placa de Honra de Alfonso X o Sabio concedida polo Ministerio de Educación.

Forman parte do noso centro dúas seccións con características moi diferenciadas:

a) O propio IES Sánchez Cantón situado no centro da cidade con cerca de 900 alumnos/as.

b) O CGTD (Centro Galego de Tecnificación Deportiva), situado ao lado do río, que é un centro onde estudan deportistas becados por alto rendemento, son arredor de 120 alumnos.

O noso centro é dos máis grandes de Galicia en número de alumnado e na ratio profesor/alumno (1032 alumnos e alumnas e 83 docentes). A conflitividade é proporcional ao número de membros que convivimos no día a día no centro. Por isto o fomento da convivencia positiva e da prevención de conflitos é un pilar no ideario do IES Sánchez Cantón.

EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA

Organizada en 4 cursos, contribuirá a desenvolver no alumnado as capacidades que lle permitan adquirir os elementos básicos da cultura, especialmente nos seus aspectos humanístico, artístico, científico-tecnolóxico e motor; desenvolver e consolidar os hábitos de estudo e de traballo.

a.1.- Obxectivos xerais da educación secundaria obrigatoria.

A Educación Secundaria Obrigatoria contribuirá a desenvolver no alumnado as capacidades que lles permitan:

a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos; exercitarse no diálogo afianzando os dereitos humanos como valores comúns dunha sociedade plural e prepararse para o exercicio da cidadanía demo-crática.

b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equi-po como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.

c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre mulleres e homes.

d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.

e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información para, con sentido crítico, adquirir novos coñecementos. Desenvolver as competencias tecnolóxicas básicas e avanzar nunha reflexión ética sobre o seu funcionamento e a súa utilización.

f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en dis-tintas disciplinas, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas nos diversos campos do coñecemento e da experiencia.

g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmos, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.

h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, mensaxes e textos complexos, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.

i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.

j) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das demais persoas, así como o patrimonio artístico e cultural.

k) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e do das outras persoas, res-pectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais e incorporar a edu-cación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado, a empatía e o respecto cara aos seres vivos, especialmente os animais, e o ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.

l) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das distintas manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.

m) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversi-dade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.

n) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersoal e ex-presión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

BACHARELATO

O bacharelato ten como finalidade proporcionar formación, madureza intelectual e humana, coñecementos, habilidades e actitudes que permitan desenvolver función sociais e incorporarse á vida activa con responsabilidade e aptitude. Así mesmo, esta etapa deberá permitir a adquisición e o logro das competencias indispensables para o futuro formativo e profesional, e capacitar para o acceso á educación superior.

a.2.- Obxectivos do Bacharelato

O bacharelato ten como finalidade proporcionar formación, madureza intelectual e humana, coñecementos, habilidades e actitudes que permitan desenvolver función sociais e incorporarse á vida activa con responsabilidade e aptitude. Así mesmo, esta etapa deberá permitir a adquisición e o logro das competencias indispensables para o futuro formativo e profesional, e capacitar para o acceso á educación superior.

O bacharelato contribuirá a desenvolver no alumnado as capacidades que lles permitan:

- a) Exercer a cidadanía democrática, desde unha perspectiva global, e adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores da Constitución española e do Estatuto de autonomía de Galicia, así como polos dereitos humanos, que fomente a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa.
- b) Consolidar unha madureza persoal, afectivo-sexual e social que lles permita actuar de forma respectuosa, responsable e autónoma, e desenvolver o seu espírito crítico. Pre-ver, detectar e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais, así como as posibles situacións de violencia.
- c) Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades de mulleres e homes, analizar e valorar criticamente as desigualdades existentes, así como o recoñecemento e o ensino do papel das mulleres na historia, e impulsar a igualdade real e a non discriminación por razón de nacemento, sexo, orixe racial ou étnica, discapacidade, idade, enfermidade, relixión ou crenzas, orientación sexual ou identidade de xénero, ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.
- d) Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- e) Dominar, tanto na súa expresión oral como na escrita, a lingua galega e a lingua castelá.
- f) Expresarse con fluidez e corrección nunha ou máis linguas estranxeiras.
- g) Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e da comunicación.
- h) Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar de forma solidaria no desenvolvemento e na mellora do seu ámbito social.
- i) Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais, e dominar as habilidades básicas propias da modalidade elixida.
- j) Comprender os elementos e procedementos fundamentais da investigación e dos métodos científicos. Coñecer e valorar de forma crítica a contribución da ciencia e a tecnoloxía no cambio das condicións de vida, así como afianzar a sensibilidade e o respecto cara ao ambiente.
- k) Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico.
- l) Desenvolver a sensibilidade artística e literaria, así como o criterio estético, como fontes de formación e enriquecemento cultural.
- m) Utilizar a educación física e o deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Afianzar os hábitos de actividades físico-deportivas para favorecer o benestar físico e mental, así como medio de desenvolvemento persoal e social.
- n) Afianzar actitudes de respecto e prevención no ámbito da mobilidade segura e saudable.
- o) Fomentar unha actitude responsable e comprometida na loita contra o cambio climático e na defensa do desenvolvemento sustentable.
- p) Valorar, respectar e afianzar o patrimonio cultural material e inmaterial de Galicia, e contribuír á súa conservación e mellora no contexto dun mundo globalizado.

b) A contribución á adquisición das competencias clave

Educación Secundaria Obrigatoria

As competencias clave que se recollen no perfil de saída son a adaptación ao sistema educativo galego das competencias clave establecidas na Recomendación do Consello da Unión Europea do 22 de maio de 2018. Esta adaptación responde á necesidade de vincular as devanditas competencias cos retos e desafíos do século XXI, cos principios e fins do sistema educativo establecidos na LOE e co contexto escolar, xa que a recomendación se refire á aprendizaxe permanente que debe producirse ao longo de toda a vida.

Con carácter xeral, debe entenderse que a consecución das competencias e dos obxectivos previstos na LOE para as distintas etapas educativas está vinculada á adquisición e ao desenvolvemento das competencias clave recollidas neste perfil de saída, e que son as seguintes:

CCL- Competencia en comunicación lingüística.

CP- Competencia plurilingüe.

STEM- Competencia matemática e competencia en ciencia, tecnoloxía e enxeñaría.

CD- Competencia dixital.

CPSAA- Competencia persoal, social e de aprender a aprender.

CC- Competencia cidadá.

CE- Competencia emprendedora.

CCEC- Competencia en conciencia e expresión culturais.

A transversalidade é unha condición inherente ao perfil de saída, no sentido de que todas as aprendizaxes contribúen á súa consecución. Da mesma maneira, a adquisición de cada unha das competencias clave contribúe á adquisición de todas as demais. Non existe xerarquía entre elas, nin pode establecerse unha correspondencia exclusiva cunha única área, ámbito ou materia, senón que todas se concretan nas aprendizaxes das distintas áreas, ámbitos ou materias e, pola súa vez, se adquiren e desenvolven a partir das aprendizaxes que se producen no seu conxunto.

Bacharelato

O bacharelato ten como finalidade proporcionarlle ao alumnado formación, madureza intelectual e humana, coñecementos, habilidades e actitudes que lle permitan desenvolver funcións sociais e incorporarse á vida activa con responsabilidade e aptitude. Debe, así mesmo, facilitar a adquisición e o logro das competencias indispensables para o seu futuro formativo e profesional, e capacitálo para o acceso á educación superior.

Para cumprir estes fins, é preciso que esta etapa contribúa a que o alumnado progrese no grao de desenvolvemento das competencias que, de acordo co perfil de saída do alumnado ao termo do ensino básico, debe ter alcanzado ao finalizar a educación secundaria obrigatoria. As competencias clave que se recollen no devandito perfil de saída son as seguintes:

CCL- Competencia en comunicación lingüística.

CP- Competencia plurilingüe.

STEM- Competencia matemática e competencia en ciencia, tecnoloxía e enxeñaría.

CD- Competencia dixital.

CPSAA- Competencia persoal, social e de aprender a aprender.

CC- Competencia cidadá.

CE- Competencia emprendedora.

CCEC- Competencia en conciencia e expresión culturais.

As competencias clave adquirense necesariamente de forma secuencial e progresiva ao longo de toda a vida polo que resulta necesario adecualas a ese outro momento do desenvolvemento persoal, social e formativo do alumnado que supón o final do bacharelato.

c) Os criterios para desenvolver os principios pedagóxicos e incorporar os elementos transversais

Todo o profesorado deberá traballar nas súas materias os seguintes elementos transversais, que deberán ser incluídos nas programacións de cada unha delas:

1. A com-prensión de lectura.
2. A expresión oral e escrita.
3. A comunicación audiovisual.
4. A competencia dixital.

5. O emprendemento social e empresarial.
 6. O fomento do espírito crítico e científico
 7. A educación emocional e en valores.
 8. A igualdade de xénero.
 9. A creatividade.
2. Do mesmo xeito, promoverase a aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento de calquera tipo de violencia, a pluralidade, e o respecto polo Estado de dereito.
3. Evitaranse os comportamentos, os estereotipos e os contidos sexistas, así como aqueles que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero, e incorporárase transversalmente a realidade homosexual, bisexual, transexual, transxénero e intersexual. Así mesmo, empregárase unha linguaxe libre de prexuízos e estereotipos sexistas e que sexa non sexista, nos termos establecidos legalmente.
4. A consellería con competencias en materia de educación fomentará as medidas para que o alumnado participe en actividades que lle permitan afianzar o espírito emprendedor e a iniciativa empresarial a partir de aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico.

d) Os criterios de carácter xeral sobre a metodoloxía

As propostas metodolóxicas deben garantir o acceso de todo o alumnado a educación básica e a debida atención da súa diversidade. Por isto, as metodoloxías deberán ser diversas de acordo coas características específicas do grupo ao que nos diriximos e facilitar o desenvolvemento de estratexias que permitan o traballo por competencias.

Os departamentos didácticos concretarán nas súas programacións os seguintes principios metodolóxicos xerais:

- Potenciación da aprendizaxe autónoma, activa e participativa do alumnado unha vez identificado o nivel de partida do alumnado en canto a coñecementos.
- Fomento da comprensión lectora.
- Favorecer o emprego das novas tecnoloxías de información e comunicación na aula como recurso metodolóxico que complemente a formación do alumnado.
- Utilización de metodoloxías de aprendizaxe cooperativa e estratexias interactivas que permitan dinamizar as sesións lectivas mediante o intercambio verbal e colectivo de ideas, así como o fomento de traballo por proxectos.
- Incremento da utilización de opcións metodolóxicas alternativas ao uso de modelos de ensino aprendizaxe memorísticos.
- Realización de tarefas abertas que fomenten a creatividade e autonomía do alumnado.
- Presentación da información por diferentes medios.
- Expresión por parte do alumnado de diferentes xeitos (oral, escrita, ...)
- Realización de actividades que motiven e esperten o interese e a curiosidade do alumnado.

e) Os criterios de carácter xeral sobre os materiais e recursos didácticos

RECURSOS MATERIAIS

O IES Sánchez Cantón forma parte do Proxecto E-Dixgal nos catro niveis de Educación Secundaria Obrigatoria (ESO) polo que todo o alumnado da ESO dispón de ordenador portátil persoal.

Existen dúas aulas de informática no centro con dispoñibilidade horaria para bacharelato e ciclo, unha vez garantidas as necesidades das materias de Dixitalización (4º ESO), TIC I (1º Bach) e TIC II (2º Bach).

Todas as aulas de referencia de cada grupo de ESO e Bacharelato dispoñen dun panel táctil interactivo de 86 pulgadas, proxector, cobertura wifi (edu.xunta.gal) e ordenador para o profesorado conectado a internet.

Todo o alumnado disporá de libro de texto ou apuntamentos proporcionados polo profesorado. A relación de libros de texto por materia para cada curso escolar estará publicada na páxina web do Centro.

O libro de texto, tanto na ESO coma no bacharelato, debe ser o mesmo para todos os grupos dunha mesma materia e nivel, independentemente de que a materia sexa impartida por máis dun docente.

RECURSOS ESPACIAIS

Cada grupo de cada nivel ten a súa propia aula de referencia. Ademais, o alumnado fará uso, en función de cada materia, doutros espazos como: pavillón, taller de tecnoloxía, laboratorios de física, química e ciencias naturais, aula

de música, aulas de informática, aula de educación plástica, biblioteca, aula de polos creativos, paraninfo, museo de ciencias naturais, patio de recreo, ...

RECURSOS DIXITAIS

O centro conta cunha aula virtual da Consellería de Educación, na que o profesorado crea os cursos para o Bacharelato, Ciclos Formativos e as materias non E-Dixgal da ESO.

As materias E-Dixgal utilizan a súa propia plataforma virtual (EVA E-Dixgal).

O centro dispón cunha páxina web corporativa na que se publica información de interese para alumnado, familias e persoal do centro.

f) Os criterios de oferta educativa, itinerarios e optatividade, de ser o caso

Educación Secundaria Obrigatoria

As materias e itinerarios ofertadas son as seguintes:

1º ESO: Neste curso hai dúas horas de libre disposición do centro que serán distribuídas do seguinte xeito: 1 hora para reforzo de Lingua Castelá e 1 hora para reforzo de Lingua Galega (aprobado en Consello Escolar celebrado o 30 de xuño de 2022).

O alumnado de 1º ESO poderá elixir entre Relixión Católica, Proxecto competencial e Relixión Evanxélica en caso de haber profesorado dispoñible.

2º ESO: Neste curso hai dúas horas de libre disposición do centro que serán distribuídas do seguinte xeito: 1 hora para reforzo de Matemáticas e outra para reforzo da primeira lingua estranxeira (aprobado en Consello Escolar celebrado o 30 de xuño de 2022).

O alumnado de 2º ESO poderá elixir entre Relixión Católica, Proxecto competencial e Relixión Evanxélica en caso de haber profesorado dispoñible.

3º ESO: Neste nivel ofértanse como optativas as materias de Cultura Clásica, Cultura Financeira, Educación Dixital, Francés e oratoria.

Tamén se oferta un Programa de Diversificación Curricular (PDC) para un máximo de 10 alumnos e alumnas que cumpran uns determinados criterios e contén coa autorización das súas familias.

O alumnado de 3º ESO poderá elixir entre Relixión Católica, Proxecto competencial e Relixión Evanxélica en caso de haber profesorado dispoñible.

4º ESO: Neste curso ofértanse diferentes itinerarios en función da orientación do alumnado tanto a posteriores estudos como á vida laboral.

En 4º ESO dase continuidade ao Programa de Diversificación Curricular.

O alumnado de 4º ESO de calquera itinerario poderá elixir entre Relixión Católica, Proxecto competencial e Relixión Evanxélica en caso de haber profesorado dispoñible.

Itinerarios de 4º ESO

a) Orientado a bacharelato de Ciencias e Tecnoloxía:

- Matemáticas B, Bioloxía e Xeoloxía e Física e Química.
- Elixir unha materia entre Dixitalización, Expresión Artística, Francés, Música ou Tecnoloxía.
- Elixir unha materia entre Cultura Clásica, Expresión Artística, Filosofía, Formación e Orientación Persoal e Profesional, Francés, Intelixencia Artificial para a Sociedade, Música, Oratoria e Tecnoloxía.

b) Orientado a bacharelato de Humanidades e CCSS:

- Matemáticas A ou B, Economía e Emprendemento, e Latín
- Elixir unha materia entre Dixitalización, Expresión Artística, Francés e Música.
- Elixir unha materia entre Cultura Clásica, Expresión Artística, Filosofía, Formación e Orientación Persoal e Profesional, Francés, Intelixencia Artificial para a Sociedade, Música e Oratoria.

c) Orientado a FP:

- Matemáticas A, Economía e Emprendemento e Tecnoloxía.
- Elixir unha materia entre Dixitalización, Expresión Artística, Francés e Música.
- Elixir unha materia entre Cultura Clásica, Expresión Artística, Filosofía, Formación e Orientación Persoal e

Profesional, Francés, Intelixencia Artificial para a Sociedade, Música e Oratoria.

d) Programa de Diversificación Curricular:

- Elixir unha materia entre Economía e Emprendemento e Tecnoloxía.
- Elixir unha materia entre Cultura Clásica, Expresión Artística, Intelixencia Artificial para a Sociedade, Música e Oratoria.

1º BACHARELATO

Impártense as modalidades de Ciencias e Tecnoloxía e de Humanidades e Ciencias Sociais cos seguintes itinerarios:

a) Modalidade de Ciencias e Tecnoloxía:

- O alumnado cursa obrigatoriamente Matemáticas I e Física e Química e escolle unha materia entre Bioloxía, Xeoloxía e Ciencias Ambientais, Debuxo Técnico I e Tecnoloxía e Enxeñaría I.
- Elixir unha materia optativa entre as seguintes: Análise Musical I, Anatomía Aplicada, Antropoloxía, Cultura Científica, Debuxo Artístico I, Debuxo Técnico I, Francés 2ª Ling. Estranx. I, Literatura Galega do Século XX e da Actualidade e TIC I.

b) Orientado a bacharelato de Humanidades e CCSS:

- O alumnado deberá escoller como materia de opción entre Matemáticas Aplicadas ás Ciencias Sociais I ou Latín I.
 - Elixir dúas materias de modalidade das seguintes: Economía, Grego I, Historia do Mundo Contemporáneo e Literatura Universal.
 - Elixir unha materia optativa entre as seguintes: Análise Musical I, Antropoloxía, Cultura Científica, Debuxo Artístico I, Francés 2ª Ling. Estranx. I, Literatura Galega do Século XX e da Actualidade e Literatura Universal.
- Todo o alumnado de 1º Bacharelato deberá escoller entre Relixión e hora de Atención Educativa (Libre Disposición de centro).

2º BACHARELATO

a) Modalidade de Ciencias e Tecnoloxía:

- O alumnado pode escoller como materia de opción entre Matemáticas II e Matemáticas Aplicadas ás CCSS II
- Como materias de modalidade deben escoller dúas materias das seguintes: Bioloxía, Debuxo Técnico II, Física, Química, Tecnoloxía e Enxeñaría II e Xeoloxía e Ciencias Ambientais.
- Elixir unha materia optativa entre as seguintes: Análise Musical II, Debuxo Artístico II, Francés 2ª Ling. Estranx. II, Métodos Estatísticos e Numéricos, Psicoloxía, TIC II, Xeografía, Hª, Arte e Patrimonio de Galicia, Bioloxía, Debuxo Técnico II, Empresa e Deseño de Modelos de Negocio, Física, Química, Tecnoloxía e Enxeñaría II, Xeoloxía e Ciencias Ambientais.

b) Modalidade de Humanidades e Ciencias Sociais:

- Materia de opción: Escoller entre Latín II e Matemáticas Aplicadas ás CCSS II.
- Materias de modalidade: Escoller dúas materias entre Empresa e Deseño de Modelos de Negocio, Grego II, Historia da Arte e Xeografía.
- Materia optativa: Elixir unha entre Análise Musical II, Debuxo Artístico II, Francés 2ª Ling. Estranx. II, Métodos Estatísticos e Numéricos, Psicoloxía, Xeografía, Hª, Arte e Patrimonio de Galicia, Empresa e Deseño de Modelos de Negocio, Historia da Arte, Xeografía.

Todo o alumnado de 2º Bacharelato deberá escoller entre Relixión e hora de Atención Educativa (Libre Disposición de centro).

EXTENSIÓN NO CGTD

A oferta educativa no Centro Galego de Tecnificación Deportiva estará condicionada pola dispoñibilidade de profesorado, número de alumnado e polas datas nas que se realiza a matrícula de este alumnado.

3º ESO CGTD: Neste nivel ofértanse como optativas as materias de Cultura Financeira, Educación Dóxital e Francés (2ª lingua estranxeira).

O alumnado de 3º ESO poderá elixir entre Relixión Católica ou Proxecto competencial.

4º ESO CGTD: Neste curso ofértanse diferentes itinerarios en función da orientación do alumnado tanto a posteriores estudos como á vida laboral.

O alumnado deberá escoller entre Matemáticas A e Matemáticas B.

Todo o alumnado cursará Bioloxía e Xeoloxía.

O alumnado deberá escoller unha materia entre Física e Química e Economía e Emprendemento.

O alumnado deberá escoller unha materia entre Francés (2º LE) e Música.

O alumnado deberá escoller unha materia optativa entre Expresión Artística, Filosofía e Oratoria.

O alumnado de 4º ESO de calquera itinerario poderá elixir entre Relixión Católica ou Proxecto competencial.

1º BACHARELATO CGTD

Todo o alumnado elixirá entre Relixión e Atención Educativa (Libre Disposición do centro).

Impártense as modalidades de Ciencias e Tecnoloxía e de Humanidades e Ciencias Sociais cos seguintes itinerarios:

a) Modalidade de Ciencias e Tecnoloxía:

- O alumnado cursa obrigatoriamente Matemáticas I e Física e Química.
- Escoller unha materia entre Bioloxía, Xeoloxía e Ciencias Ambientais e Debuxo Técnico I.
- Elixir unha materia optativa entre as seguintes: Anatomía aplicada e Cultura Científica e Debuxo Artístico I.

b) Orientado a bacharelato de Humanidades e CCSS:

- O alumnado matricularase de Matemáticas Aplicadas ás Ciencias Sociais I.
- As materias de modalidade serán Economía e Historia do Mundo Contemporáneo.
- Elixir unha materia optativa entre as seguintes: Anatomía Aplicada, Debuxo Artístico I e Literatura Universal.

2º BACHARELATO CGTD

Todo o alumnado elixirá entre Relixión e Atención Educativa (Libre Disposición do centro).

a) Modalidade de Ciencias e Tecnoloxía:

- O alumnado pode escoller como materia de opción entre Matemáticas II e Matemáticas Aplicadas ás CCSS II.
- Todo o alumnado deste itinerario cursará Química como materia de modalidade.
- O alumnado deberá escoller unha materia entre Bioloxía e Debuxo Técnico II.
- Elixir unha materia optativa entre as seguintes: Física, Métodos Estatísticos e Numéricos e Psicoloxía.

b) Modalidade de Humanidades e Ciencias Sociais:

- Materia de opción: O alumnado matricularase en Matemáticas Aplicadas ás CCSS II.
- As materias de modalidade serán Empresa e Deseño de Modelos de Negocio, e Historia da Arte.
- Materia optativa: O alumnado elixirá entre Métodos Estatísticos e Numéricos e Psicoloxía.

CICLO FORMATIVO

Período de comezo e remate da FCT: terceiro trimestre

Seguimento da FCT e titoría de proxecto:

- Coordinador de FCT: 3 horas lectivas de redución.
- Titoría de FCT: 3 horas lectivas de redución.
- Titoría individual do módulo final de proxecto a cargo do titor de FCT.
- Titoría colectiva a razón de 1 hora por cada 2 alumnos. (15 horas semanais de docencia por cada 30 alumnos ou alumnas, distribuídas entre o equipo docente de 2º TSEAS).

CICLO 1º TSEAS

- Actividades físicodeportivas de implementos.
- Actividades físicodeportivas individuais.

- Metodoloxía do ensino de actividades físicodeportivas.
- Valoración da condición física e intervención en accidentes.
- Xogos e actividades físicorecreativas e de animación turística.
- Sustentabilidade aplicada ao sistema produtivo.
- Itinerario persoal para a empregabilidade I.
- Inglés profesional.

CICLO 2º TSEAS

- Actividades de lecer e tempo libre.
- Actividades físicodeportivas de equipo.
- Actividades físicodeportivas para a inclusión social.
- Dinamización grupal.
- Planificación da animación sociodeportiva.
- Empresa e iniciativa emprendedora.
- Formación en Centros de Trabajo.

Ensinanzas Deportivas

FUTBOL NIVEL I

BLOQUE COMÚN

- Bases anatómicas e fisiolóxicas do deporte.
- Base psicopedagóxicas do ensino e do adestramento deportivo.
- Adestramento deportivo.
- Fundamentos sociolóxicos do deporte.
- Organización e lexislación do deporte.
- Primeiros auxilios e hixiene do deporte.
- Idiomas + TIC + Deporte adaptado.

BLOQUE ESPECÍFICO

- Desenvolvemento profesional.
- Dirección de equipos.
- Metodoloxía do ensino e do adestramento do fútbol.
- Preparación física.
- Regras do Xogo.
- Seguridade deportiva.
- Tácticas e sistemas de xogo.
- Técnica individual e colectiva I.

FUTBOL NIVEL II

BLOQUE COMÚN

- Bases anatómicas e fisiolóxicas do deporte II.
- Base psicopedagóxicas do ensino e do adestramento deportivo II.
- Adestramento deportivo II.
- Teoría e socioloxía do deporte.
- Organización e lexislación do deporte II.
- IDIOMAS + TIC.

BLOQUE ESPECÍFICO

- Desenvolvemento profesional II.
- Dirección de equipos II.

- Metodoloxía do ensino e do adestramento do fútbol II.
- Preparación física II.
- Regras do Xogo II.
- Tácticas e sistemas de xogo II.
- Técnica individual e colectiva II.

FUTBOL NIVEL III

BLOQUE COMÚN

- Biomecánica deportiva.
- Adestramento de alto rendemento deportivo.
- Fisioloxía do esforzó.
- Xestión do deporte.
- Psicoloxía do alto rendemento deportivo.
- Socioloxía do deporte de alto rendemento.

BLOQUE ESPECÍFICO

- Desenvolvemento profesional III.
- Dirección de equipos III.
- Táctica e sistemas de xogo III.
- Técnica individual e colectiva III.
- Metodoloxía do ensino e do adestramento de fútbol III.
- Preparación física específica III.
- Regras do xogo III.
- Seguridade deportiva III.

CICLO SUPERIOR DE BALONMÁN

BLOQUE COMÚN

- Factores fisiolóxicos do alto rendemento.
- Factores psicosociais do alto rendemento.
- Formación de formadores deportivos.
- Organización e xestión aplicada ao alto rendemento.

BLOQUE ESPECÍFICO

- Metodoloxía para o alto rendemento en balonmán.
- Formación técnico táctica individual no alto rendemento en balonmán.
- Xogo colectivo ofensivo no alto rendemento en balonmán.
- Xogo colectivo defensivo no alto rendemento en balonmán.
- Dirección deportiva en alto rendemento.
- Dirección de equipo en alto rendemento.
- Preparación física no alto rendemento en balonmán.
- Proxecto final.

g) Os criterios para o deseño das actividades complementarias

As actividades complementarias son aquelas que se desenvolven dentro do horario lectivo. Polo tanto son de asistencia obrigatoria para o alumnado, sempre e cando non supoñan ningún custo adicional para eles.

A súa organización rexerese polo principio de distribución equilibrada ao longo do curso para cada grupo e nivel educativo, de tal xeito que non se sobrecargue un trimestre ou nivel respecto aos demais.

Cada departamento, baixo a coordinación da persoa responsable da Vicedirección, planificará ao comezo de curso o

programa de actividades complementarias a desenvolver. Estas actividades estarán relacionadas co currículo do nivel ao que vaian dirixidas, e deberán adecuarse ao recollido nas respectivas programacións didácticas. Para favorecer o desenvolvemento das actividades e acadar un mellor aproveitamento promoverase a súa interdisciplinaridade.

h) Os criterios para o deseño dos plans de reforzo ou de recuperación para o alumnado que promocióne con materias, ámbitos ou módulos pendentes de cursos anteriores, de ser o caso

Desde Xefatura de Estudos coordínase o Plan de Seguimento das materias pendentes coas seguintes actuacións:

- Coordinación das datas de realización das probas a través da CCP.
- Comunicación ás familias mediante carta personalizada das datas de ditas probas.
- Publicación destas datas nos calendarios de aula para coordinar coas probas correspondentes ao curso actual.
- Envío da información dos resultados das avaliacións con boletíns personalizados por cada materia.
- Publicación do calendario das probas na páxina web do centro.

Para o deseño dos plans de reforzo ou de recuperación para o alumnado que promocióne con materias, ámbitos ou módulos pendentes de cursos anteriores teránse en conta:

1. Datos do alumnado

- Nome e apelidos
- Curso/grupo
- Data nacemento:

1. Datos significativos de escolarización

- Repeticións
- Absentismo
- Cambios de dentro
- Flexibilizacións
- Escolarización combinada,
- Atención domiciliaria
- Outros

1. Resultados académicos curso anterior

2. Materia pendente

3. Actuacións e medidas de atención á diversidade no curso actual

- Medidas ordinarias: reforzo e apoio do profesorado con dispoñibilidade horaria, desdoblamento grupos, modificacións metodolóxicas,...
- Medidas extraordinarias: agrupamentos flexibles, apoio especialistas de PT, AL,...
- Actuación Departamento Orientación
- Aspectos a incidir na entrevista coa familia

1. Análise dos resultados obtidos durante o curso

PLAN ESPECÍFICO DE RECUPERACIÓN DA MATERIA CORRESPONDENTE

1. Metodoloxía e recursos (material de aula, caderniño, recursos TIC...)

2. Instrumentos de avaliación (traballos regulares, exames orais, exposicións, ...)

3. Avaliación

- Criterios de cualificación: especificar en relación aos porcentaxes marcados na programación didáctica
 - Instrumentos de cualificación e porcentaxes: boletíns, probas escritas, exposicións orais, traballos de investigación
- Indicadores para medir o grao de implicación do alumnado:

1. Asiste a clase co material preciso para o desenvolvemento das clases.

2. Fai uso da axenda escolar como recursos organizativo do traballo.

3. Entrega de boletíns, traballos, aula virtual
4. Asiste ás horas de reforzo, apoio e/ou titorías
5. Aproveitamento deses apoios

i) Os criterios para o deseño dos plans específicos de reforzo ou personalizados para o alumnado que deba permanecer un ano máis no mesmo curso, de ser o caso

Teráanse en conta os seguintes criterios para deseñar os plans específicos para o alumnado que deba permanecer un ano máis no mesmo curso.

Datos do alumnado

1. Datos do alumnado
 - Alumnado
 - Data nacemento
 - Grupo
 - Titoría
 - Historial académico
1. Resultados académicos curso anterior
2. Dificultades na aprendizaxe
3. Materias pendentes
4. Actuacións e medidas de atención á diversidade no curso actual
1. Ámbitos a reforzar
 - Ámbito persoal
 - Ámbito social
1. Medidas ordinarias
2. Medidas extraordinarias
1. Actuación Dep. Orientación
2. Aspectos a incidir na entrevista coa familia
3. Outros datos relevantes

Datos a recoller ou analizar na avaliación inicial

1. Aspectos relevantes que en xeral favorecen ou dificultan a aprendizaxe
2. Ten rutinas e hábitos de traballo
3. Autonomía de traballo
4. Pide axuda si o necesita.
5. Necesita actividades dirixidas, pautadas.
6. Mostra interese e esforzo ante o traballo.
7. Presenta un nivel de atención adecuado á tarefa que está realizando.
8. Mostra orde nos seus traballos.
9. Resolve as tarefas utilizando a reflexión.
10. Traballa en grupo correctamente.
11. Condutas disruptivas
12. Absentismo
13. Outros datos relevantes

Indicadores a seguir durante o curso

1. Trae o material
2. Atende ás explicación na aula
3. Pide axuda si o necesita

4. Pregunta dúbidas
5. Fai ás actividades con periodicidade
6. Domina a linguaxe específica da materia
7. Ten apuntamentos da materia
8. Dificultades nas probas escritas
9. Outro indicador

A metodoloxía empregada en cada materia será a que aparece recollida en cada programación didáctica dos departamentos implicados.

En cada avaliación o equipo docente procederá a facer unha posta en común dos indicadores sinalados na listaxe anterior.

j) Os criterios xerais para a avaliación, e de ser o caso, a promoción e a titulación

PROMOCIÓN NA EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA (ESO)

1.- Acadará a promoción dun curso a outro o alumnado que superase as materias ou os ámbitos cursados ou teña avaliación negativa nunha ou dúas materias, considerándose para o cómputo as materias non superadas do propio curso e as de cursos anteriores.

2.- Ademais de nos casos anteriores, o equipo docente poderá decidir a promoción dunha alumna ou dun alumno, sempre que se cumpran tamén todas as condicións seguintes:

a) Que a media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias nas que estea matriculada ou matriculado nese ano académico sexa igual ou superior a cinco.

b) Que o equipo docente considere que a natureza das materias non superadas lle permite seguir con éxito o curso seguinte.

c) Que o equipo docente estime que ten expectativas favorables de recuperación. A modo de exemplo terase en conta se o alumno ou alumna tivo algunha situación persoal ou na súa contorna que impidise a superación dalgunha materia. Para valorar que as expectativas son favorables, terase en conta que non se produciu unha inasistencia continuada e non xustificada por parte da alumna ou do alumno nalgunha materia, e que a alumna ou o alumno se presentou ás probas e realizou as actividades necesarias para a súa avaliación nas materias non superadas.

d) Que o equipo docente estime que a devandita promoción beneficiará a súa evolución académica. Por exemplo alumnado con NEAE ou NEE aos que lles poida favorecer a permanencia co mesmo grupo de compañeiros.

3.- A alumna ou o alumno poderá permanecer no mesmo curso unha soa vez, e dúas veces como máximo ao longo do ensino obrigatorio. De xeito excepcional poderase permanecer un ano máis no cuarto curso, aínda que se esgotase o máximo de permanencia, sempre que o equipo docente considere que esta medida favorece a adquisición das competencias establecidas para a etapa. Neste caso poderase prolongar un ano o límite de idade ao que se refire o artigo 4.2 da Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

4.- O alumnado que non acade a promoción permanecerá un ano máis no mesmo curso. A permanencia no mesmo curso considerárase unha medida de carácter excepcional e tomarase logo de esgotar as medidas ordinarias de reforzo e apoio (o profesorado de alumnado con materias suspensas aplicará este tipo de medidas e o comunicará ás familias a través das canles establecidas no centro antes da cualificación da 3ª avaliación) para superar as dificultades de aprendizaxe da alumna ou do alumno.

PROMOCIÓN EN BACHARELATO

1.- As alumnas e os alumnos acadarán a promoción de primeiro a segundo de bacharelato cando superen as materias cursadas ou teñan avaliación negativa en dúas materias como máximo.

TITULACIÓN NA EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA (ESO)

1.- Obterá o título de graduado en educación secundaria obrigatoria o alumnado que supere todas as materias ou ámbitos cursados.

2.- O equipo docente poderá decidir a obtención do título de ESO sempre que se cumpran tamén todas as condicións seguintes:

a) Que a media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias en que estea matriculada ou matriculado nese ano académico sexa igual ou superior a cinco.

b) Que a xuízo do equipo docente a alumna ou o alumno adquirise as competencias establecidas. Para a valoración deste apartado empregárase a información obtida a través de XADE e PROENS complementada, se fora necesario, cunha folla de cálculo, a disposición do profesorado, onde se valorará competencialmente ao alumnado través das

notas de cada materia, tendo en conta as porcentaxes establecidas nas diferentes programacións.

c) Que a xuízo do equipo docente a alumna ou o alumno alcanzase os obxectivos da etapa. O equipo docente, sen menoscabo das súas competencias, entenderá que non se cumpren as condicións no seguinte caso: considerará un elemento determinante que imposibilita ao alumnado poder acadar os obxectivos da etapa, se se produce un abandono manifesto nalguna materia do curso atendendo a criterios obxectivos tales como: absentismo escolar ou elevado número de faltas de asistencia sen xustificación (un 10%), non presentación de actividades ou instrumentos de avaliación, non asistencia a exames ou probas de avaliación ou presentación de probas en branco reiteradamente.

TITULACIÓN EN BACHARELATO

1.- Para obter o título de bacharel cumprirá a avaliación positiva en todas as materias dos dous cursos de bacharelato.

2.- Excepcionalmente, o equipo docente poderá decidir a obtención do título de bacharel por unha alumna ou un alumno que superase todas as materias agás unha, sempre que se cumpran ademais todas as condicións seguintes:

a) Que o equipo docente considere que a alumna ou o alumno alcanzou as competencias e os obxectivos vinculados a ese título.

b) Que non se produciu unha inasistencia continuada e non xustificada por parte da alumna ou do alumno na materia.

c) Que a alumna ou o alumno se presentou ás probas e realizou as actividades necesarias para a súa avaliación, incluídas as da convocatoria extraordinaria.

d) Que a media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias da etapa cursadas que como mínimo se requiran para a obtención do título pola modalidade pola que se remata sexa igual ou superior a cinco. Neste caso, para os efectos do cálculo considerarase a nota numérica obtida na materia non superada.

3.- Para os efectos do cálculo da nota media para o alumnado que cambia de modalidade ou de materia en segundo curso, só se terán en conta as cualificacións das materias cursadas que como mínimo se requiran para a obtención do título pola modalidade pola que se remata.

k) Os criterios xerais do outorgamento de matrículas de honra, de ser o caso

MATRÍCULA DE HONRA EN EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA (ESO)

1. As alumnas e os alumnos que, logo da avaliación final do cuarto curso, obtivesen unha nota media do cuarto curso igual ou superior a nove puntos poderán recibir a mención de matrícula de honra. A devandita mención poderá concederse, como máximo, a un número de alumnas ou alumnos igual ao enteiro máis próximo ao 5 % do total de alumnado matriculado no centro docente no cuarto curso.

No caso de que o alumnado con media superior a 9 en 4º ESO supere o 5% aplicaranse os seguintes criterios para proceder ao desempate:

1. Maior nota media en 4º da ESO

2. Maior nota media no 1º ciclo da ESO (media aritmética da nota media de cada un dos cursos obtida do XADE, sen contar as cualificacións da materia de Relixión)

3. Desempate utilizando o número sinalado na Resolución da Dirección Xeral de Centros e RRHH, pola que se fai público o resultado do sorteo ao que fai referencia o artigo 34 da Orde do 21 de outubro de 2022.

Para resolver o empate na puntuación final no curso 2024/2025, dividirase entre 100 o referido número resultante do sorteo público.

Este número multiplicarase polo número de alumnos e alumnas que resulten empatados no IES Sánchez Cantón, e o resultado da multiplicación redondearase á alza.

O número enteiro obtido determinará o alumno ou alumna que obterá a matrícula de honra en primeiro lugar e, a partir desta, a orde das sucesivas persoas empatadas, previamente ordenadas alfabeticamente de forma ascendente.

MATRÍCULA DE HONRA BACHARELATO

1. O alumnado que, logo da avaliación final ordinaria do segundo curso, obtivese unha nota media do segundo curso igual ou superior a nove puntos poderán recibir a mención de matrícula de honra. A devandita mención poderá concederse, como máximo, a un número de alumnas ou alumnos igual ao enteiro máis próximo ao 5 % do total de alumnado matriculado no centro docente no segundo curso.

No caso de que o alumnado con media superior a 9 en 2º Bacharelato supere o 5% do total aplicaranse os seguintes criterios para proceder ao desempate:

1. Maior nota media en 2º Bacharelato.

2. Maior nota media en 1º Bacharelato.

3. Maior nota media das materias troncais de 2º Bach.

4. Maior nota media das materias troncais de 1º Bach.

5. Desempate utilizando o número sinalado na Resolución da Dirección Xeral de Centros e RRHH, pola que se fai público o resultado do sorteo ao que fai referencia o artigo 34 da Orde do 21 de outubro de 2022.

Para resolver o empate na puntuación final no curso 2024/2025, dividirase entre 100 o referido número resultante do sorteo público.

Este número multiplicarase polo número de alumnos e alumnas que resulten empatados no IES Sánchez Cantón, e o resultado da multiplicación redondearase á alza.

O número enteiro obtido determinará o alumno ou alumna que obterá a matrícula de honra en primeiro lugar e, a partir desta, a orde das sucesivas persoas empatadas, previamente ordenadas alfabeticamente de forma ascendente.

l) As decisións e criterios xerais para a elaboración e avaliación das programacións didácticas

Para a elaboración das programacións didácticas, o profesorado deberá considerar aqueles aspectos recollidos nesta concreción curricular relativos á adquisición das competencias clave, consecución dos obxectivos, criterios pedagóxicos, e elementos transversais.

Os puntos a recoller nas mesmas serán os incluídos tanto no Decreto 156/2022 que establece o currículo para educación secundaria obrigatoria, como aqueles que figuran no Decreto 157/2022 que establece o currículo para o bacharelato.

Para as materias da ESO e Bacharelato, utilizarase a aplicación informática PROENS.

As programacións dos módulos do Ciclo Formativo de Técnico Superior en Ensinanza e Animación Sociodeportiva serán elaboradas a través da aplicación de Programacións de Formación Profesional proporcionada pola Consellería de Educación.

As programacións das Ensinanzas deportivas de Fútbol e Balonmán serán elaboradas e entregadas en Dirección en formato PDF.

Todas as programacións didácticas serán enviadas á inspección educativa, unha vez sexan supervisadas pola Dirección do centro ou pola Xefatura de Estudos.

m) Os criterios para a participación do centro en proxectos, plans e programas

O centro, a través da dirección, promoverá a participación, tanto do alumnado como do profesorado, en aqueles proxectos, plans e programas que cumpran os seguintes requisitos:

- Que haxa profesorado comprometido no seu desenvolvemento.
- Que teña relación co currículo das materias.
- Que se cosidere de interese para a formación dos membros da comunidade educativa.

O IES Sánchez Cantón participa nos seguintes proxectos e programas de innovación e calidade educativa:

- Plan Anual de Lectura.
- Clubs de Lectura.
- Plan Dixitalización
- Plan Proxecta: Entre ríos e Protexe o teu medio.
- Contratos-Programa: Innova (Edusostibilidade e Eduexcelencia) e Inclúe-T (Iguála-T, Inclúe-T, Convive-T e Emociona-T).
- Plan de Mellora de Bibliotecas Escolares.
- Plan de Formación Permanente do Profesorado (PFPP)
- Proxecto E-Dixgal nos catro niveis de ESO.
- Observa_acción (Fase 3)
- Polos Creativos Plus.
- Club de Ciencia.
- Ponte nas Ondas.
- Eduexchanges.

n) O procedemento para a revisión, avaliación e modificación da concreción curricular

A concreción curricular será revisada e avaliada ao remate de cada curso pola Comisión de Coordinación Pedagóxica, que despois de ser debatida nos departamentos didácticos, elaborará as súas propostas de mellora para que o Claustro de profesorado proceda á súa aprobación ao comezo do seguinte curso.

Unha vez aprobada a Concreción Curricular, informarase ao Consello Escolar e publicarase na páxina web do instituto para facilitar o acceso de alumnado e familias.

o) Outros apartados

1. Outros apartados

Pendente de elaboración